

XEFATURA DO ESTADO

12458 *LEI 17/2005, do 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria. («BOE» 172, do 20-7-2005.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Preténdese con esta lei establecer un sistema que dea en denominarse «permiso e licenza de condución por puntos» e que, incidindo sobre as autorizacións administrativas para conducir, sexa a combinación de dous elementos esenciais.

En primeiro lugar, o seu carácter eminentemente reeducador ao configurar a vía adecuada para modificar aqueles comportamentos, mediante a realización de cursos de sensibilización e reeducación viaria dos condutores multirreincidentes, co obxectivo esencial de modificar os comportamentos infractores, cursos cuxa superación, xunto co cumprimento doutros requisitos e probas que se establecen, permitirá a recuperación parcial ou total do capital de puntos que, segundo os casos, corresponda a un condutor.

Esta vontade reeducadora vaise levar a cabo, esencialmente, cun claro obxectivo de sensibilización e permanente chamada de atención sobre as gravísimas consecuencias que para a seguranza viaria e para a vida das persoas teñen os comportamentos reincidentes na inobservancia das normas que regulan o fenómeno crecente e cada vez máis complexo da circulación ou tránsito de vehículos de motor, pondo así en permanente risco o primeiro de nosos dereitos fundamentais que é o dereito á vida e á integridade física e moral dos usuarios das vías públicas.

É, en segundo lugar, o seu efecto punitivo para aqueles comportamentos, consistente na diminución ou perda do crédito en puntos con que conta un condutor, titular de permiso ou licenza de condución, puntos que son, por outra parte, reflexo do nivel de confianza que, como tal condutor, lle outorga a sociedade nun momento dado e cuxa perda, pola súa vez, sinala o reproche que tales condutas merecen, derivado e cun claro sustento na reiterada comisión de infraccións.

Establécese no artigo 82 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que as sancións graves e moi graves firmes en vía administrativa serán anotadas no Rexistro de condutores e infractores, cuxa xestión, segundo o teor das competencias que o artigo 5 da mesma lei atribúe ao Ministerio do Interior, corresponde ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

Por isto, soamente as infraccións graves e moi graves, recollidas nos números 4 e 5 do artigo 65 da aludida lei, deben constituír a referencia legal obrigada sobre a cal actuará todo o sistema por puntos tanto dos permisos como das licenzas de condución, pois será en ambos os tipos de autorizacións sobre as cales actuará o sistema que con esta lei se configura.

Non se trata, por outro lado, de idear unha dobre penalización para uns mesmos feitos, as infraccións de tráfico, pois estas seguirán sendo, con independencia do sistema por puntos, obxecto do correspondente procedemento

sancionador autónomo que se establece nos títulos V e VI, «Das infraccións e sancións, das medidas cautelares e da responsabilidade» e «Do procedemento sancionador e recursos», respectivamente, da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, senón de facelo compatible con tal sistema e a conseguinte perda automática dos puntos unha vez que adquirise firmeza en vía administrativa a sanción que se impoña, de acordo co baremo que se establece no anexo II desta lei.

O reproche xurídico que se produce cando se chega á perda total dos puntos serao, sen dúbida, non tanto polo feito que constituíu a infracción da norma de tráfico, senón, esencialmente, pola actitude de reiterada vulneración das regras, que intentan por a necesaria orde na circulación de vehículos e que sistematicamente son ignoradas por algúns usuarios da vía, xerando riscos a que unha sociedade como a nosa ha de facer fronte de forma severa. Tender á reeducación, ao convencemento, á asunción de actitudes de respecto para os dereitos de todos e, en concreto, para ese tan próximo ao dereito á vida como é o da seguranza viaria, deben ser os principios que inspiran o sistema.

Para instalar no noso dereito positivo do tráfico e circulación de vehículos as normas necesarias que sirvan de sustento ao sistema do permiso e á licenza de condución por puntos, débese proceder á modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, por ser este texto legal o que contén as normas, rexe a circulación polas vías de utilización xeral e establece os dereitos, obrigas e requisitos dos usuarios das vías, regulando as autorizacións que deben garantir a seguranza viaria. Para estes efectos, modifícanse igualmente algúns artigos do mesmo texto legal, co fin de dotar todo o conxunto da adecuada coherencia, facilitando a súa comprensión e mellorando a sistemática xeral dos preceptos, o que incide sen dúbida nun adecuado funcionamento de toda a institución.

No título I, relativo ao exercicio e a coordinación das competencias sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, no capítulo I, «Competencias», modifícase o artigo 5, co obxecto de incluír, entre as que corresponden expresamente ao Ministerio do Interior, a de xestionar os cursos de sensibilización e reeducación viaria que deben realizar os condutores como consecuencia da perda parcial ou total dos puntos que lles fosen asignados. Esta competencia poderaa exercer a Administración mediante concesión. A realización dos citados cursos é unha actividade esencial e indispensable para a posta en práctica da vontade educadora da Administración, ademais de seren esenciais para se poderen cumprir os obxectivos do sistema do permiso ou a licenza por puntos. Así, dado o interese público e social que a seguranza viaria representa, débese garantir dunha maneira efectiva a súa realización, considerándose para estes efectos que tal actividade constitúe un servizo público. Así mesmo, co propósito de incorporar expresamente a esta lei o mandado constitucional que ordena a todos os poderes públicos promover a igualdade do individuo, así como o principio de transversalidade proclamado na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, atribúeselle ao ministro do Interior máis outra competencia relacionada coa especial atención aos dereitos das persoas con discapacidade, por canto deberá garantir a igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade dese colectivo, especialmente na súa calidade de condutores.

No título II, sobre normas de comportamento na circulación, no seu capítulo I, «Normas xerais», incorpórase ao número 4 do artigo 11, por unha parte, a obriga de que os condutores e ocupantes dos vehículos utilicen os cintos de seguranza, cascos e demais elementos de protección e dispositivos de seguranza de uso obrigatorio e, por outra parte, a prohibición de circular con menores de tres anos

nos asentos traseiros do vehículo se non van protexidos cun adecuado sistema de protección. Esta prohibición xa se recolleu nunha norma con rango regulamentario, en concreto no Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, procedéndose agora á súa incorporación nunha norma con rango legal co obxecto de que quede expresamente incluída dentro do ámbito sancionador do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, dada a súa incidencia na seguranza viaria.

No título IV, sobre as autorizacións administrativas, no seu capítulo II, «Das autorizacións para conducir», modifícase, ademais do enunciado do artigo 60, para facelo congruente co seu contido ao incorporar ás licenzas de condución, tamén o número 4, para sinalar que a vixencia de tales autorizacións queda condicionada a que o seu titular manteña o número de puntos que lle foron asignados e determinar o crédito inicial de puntos que vai ser asignado con carácter xeral, con excepción de dous colectivos que por suporen un maior risco para a seguranza viaria van recibir un crédito menor de puntos. Igualmente, nese número, co obxecto de flexibilizar a aplicación da lei, establécese un límite de oito puntos que, como máximo, poderá perder o condutor pola comisión, nun só día, de infraccións que carretan a perda de puntos, salvo que algunha das infraccións cometidas se exceptuase dese límite pola súa especial incidencia na seguranza viaria.

Ademais, no número 5, nun intento de que a lei teña en conta tamén neste novo sistema por puntos aqueles condutores cuxo comportamento sexa o correcto, establécese a posibilidade de bonificar con dous puntos, os tres primeiros anos, e un punto, os tres seguintes, até un máximo de quince puntos, aqueles condutores que durante eses períodos de tempo non fosen sancionados en firme en vía administrativa pola comisión dunha infracción que carrete a perda de puntos.

No capítulo IV do mesmo título, relativo a «Nulidade, lesividade e perda de vixencia» das autorizacións, modifícase o número 5 do artigo 63, por razóns de técnica xurídica, incluíndo, ademais, tres novos números, con obxecto de regular os efectos da declaración da perda de vixencia do permiso ou a licenza de condución como consecuencia de ter perdido a totalidade dos puntos que tiña asignados. Establécese tamén as formas de recuperación parcial ou total dos puntos, os prazos de tempo que deberán transcorrer para poder obter unha nova autorización para conducir, e concrétese que a duración, contido e requisitos dos cursos de sensibilización e reeducación viaria serán determinados polo ministro do Interior.

Cabe destacar do contido deste artigo 63 o trato especial que a lei outorga aos condutores profesionais en recoñecemento das súas especiais circunstancias. Así, os prazos para poder obter de novo os permisos e licenzas perdidos ou para poder realizar un curso de sensibilización e reeducación viaria que lles permita recuperar parcialmente puntos, redúcense á metade con respecto ao resto dos condutores.

No título V, «Das infraccións e sancións, das medidas cautelares e da responsabilidade», no seu capítulo I «Infraccións e sancións», modifícase o cadro xeral de infraccións para ordenalo, dentro das infraccións xa previstas na normativa de tráfico, dotándoas dunha adecuada sistemática e actualizándoo e adaptándoo ás modificacións que neste sentido foi sufrindo a propia lei.

Inclúense, ademais, entre as infraccións graves do número 4 do artigo 65, en concreto as que se relacionan das alíneas e) a l), unha serie de infraccións que até agora non foran cualificadas como tales, pero que polo seu reproche social e perigosidade, así como pola súa directa relación coa seguranza viaria, deben ser consideradas como graves.

Igualmente neste artigo, dando adecuada concreción ao principio de tipicidade, proclamado pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, inclúense tipos de infraccións como as recollidas nas alíneas m) e n) do número 4, na alínea p) e na q), así como as que se sinalan nas alíneas i), j), k), l), m), n) e ñ) do número 5, até agora situadas no número 2, do artigo 67, «Sancións», por entender que é o artigo 65 a súa localización natural, dentro do cadro xeral de infraccións.

Realízanse modificacións de carácter formal e de especial relevancia no artigo 67, «Sancións», dándolle un adecuado e novo contido, cuxa proluxa redacción anterior, após a reforma operada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o facía incompatible co sistema do permiso e a licenza por puntos que se establece con esta lei. No seu número 1, por razóns de seguranza xurídica, optouse por establecer o prazo dun mes como límite mínimo a partir do cal se poderá suspender o permiso ou a licenza de condución pola comisión de infraccións graves ou, en todo caso, pola comisión de infraccións moi graves.

Así mesmo, modifícanse os algoritmos correspondentes ás contías asignadas aos distintos tipos de infraccións eliminando, no posible, as fraccións e a referencia á súa equivalencia en pesetas, sen que isto supoña un aumento das ditas contías, antes ao contrario, un descenso pouco significativo destas, salvo as que se sinalan no número 2, cuxa contía no seu grao mínimo se fai congruente coa súa nova cualificación.

Prevese o pagamento anticipado e voluntario da multa, con redución do 30 por cento, que implicar unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de dítar resolución expresa, sen prexuízo da posibilidade de interpor os recursos correspondentes, en prol do principio constitucional de eficacia que debe rexer a actuación da Administración. En tal sentido, modifícase o prazo durante o cal o interesado se poderá beneficiar do pagamento anticipado da multa coa redución prevista, establecéndoo en 30 días naturais contados desde a notificación, para dotar o procedemento de maior certeza na aplicación da redución e da axilidade que se pretende, obxectivos que coa normativa anterior non se conseguían.

No número 2 deste artigo 67 sinálanse as sancións que corresponden aos supostos de infraccións recollidas nas alíneas i), j), k), l), m), n) e ñ) do artigo 65.5, que por congruencia e adecuada sistemática pasan a ser consideradas moi graves. Ao mesmo tempo, establécese unha sanción singular para a infracción sinalada na alínea j) do artigo 65.5, a condución dun vehículo carecendo de autorización, pola especial perigosidade que tal comportamento implica e que se considera merecedor da adecuada resposta punitiva.

No número 3 exclúese o cumprimento fraccionado da suspensión do permiso ou licenza de condución nos casos de reincidencia, cando nun período de dous anos fose sancionado en firme en vía administrativa como autor de dúas infraccións que impliquen a suspensión das autorizacións.

Modifícase o artigo 69, «Graduación de sancións», incluíndo no seu número 1 os criterios que deben ser valorados para a adecuada graduación das sancións, e rectifícase no número 2 a referencia que se facía á Lei de procedemento administrativo, substituíndoa pola de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No capítulo III, «Da responsabilidade», cabe destacar, das modificacións que se levan a cabo no artigo 72 «Persoas responsables», a do número 1, ao prever a posibilidade de que os menores que cometesen infraccións leves poidan substituír a sanción económica de multa por medidas sociais relacionadas coa seguranza viaria, así

como as modificacións dos parágrafos primeiro e segundo do número 3 para adecuar o seu contido á Lei 62/2003, do 30 de decembro, e ás modificacións que se introduciron nos artigos 65 e 67.

Por outra parte, especial relevancia ten a modificación do número 3, xa que, sustentado nos principios de equidade e proporcionalidade e para que produza o desexado efecto disuasorio, se considerou oportuno elevar a infracción moi grave o incumprimento do deber de identificar o condutor responsable da infracción, identificación que para os efectos do cumprimento desta obriga debe ser veraz, e que deben cumprir, salvo que exista causa xustificada que o impida, tanto o titular do vehículo como o arrendatario deste. Ademais, por razóns prácticas, soamente ás empresas de aluguer sen condutor a curto prazo se lles exige o deber de acreditar o cumprimento desta obriga, mediante a remisión dun duplicado ou copia do contrato de arrendamento, quedando excluídas as demais empresas que se dedican ao aluguer de vehículos sen condutor de teren que remitir a citada documentación.

No título VI sobre procedemento sancionador e recursos, no seu capítulo I, «Procedemento sancionador», modifícase o número 2 do artigo 77, para facelo congruente coa nova redacción dada ao parágrafo terceiro do número 1 do artigo 67, polos motivos de eficacia anteriormente sinalados.

Dentro do capítulo III sobre a prescrición e cancelación de antecedentes, modifícase o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 81, para adaptar o seu contido ás previsións do permiso por puntos e ás modificacións realizadas nos artigos 65 e 67.

Canto ao artigo 82, cámbiase a súa denominación por outra máis adecuada «Anotación e cancelación» e recóllese a obriga de que as sancións impostas por outras administracións, locais ou autonómicas, ou as sentenzas ditadas polas autoridades xudiciais que condenen á privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, sexan comunicadas no prazo de quince días á Dirección Xeral de Tráfico, para a súa anotación no Rexistro de condutores e infractores. Igualmente, por razóns de operatividade e adecuación ao sistema do permiso por puntos, o prazo de cancelación dos antecedentes pasa a ser de tres anos.

Incorpóranse trece disposicións adicionais cuxo contido vén completar as modificacións introducidas na lei, definindo conceptos como a antigüidade dos permisos ou as licenzas de condución que se obteñan ou o de condutor profesional. Sobre este último particular débese ter en conta a Directiva 2003/59/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, que establece unha cualificación inicial e unha formación continua específica para os condutores destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada. Para tal efecto a lei prevé que a realización de cursos de obrigado cumprimento polos condutores profesionais significará a recuperación de até un máximo de catro puntos, nas condicións que se determinen por orde do ministro do Interior, sendo esta recuperación compatible coa dos puntos obtidos mediante a realización dun curso de sensibilización e reeducación viaria.

Por último, incorpórase un anexo II en que se relacionan cada unha das infraccións e o número de puntos que se van perder no suposto de ser sancionado en firme en vía administrativa pola súa comisión. Desta maneira, establécese un sistema obxectivo á hora de determinar o número de puntos que se van descontar automaticamente. Estas infraccións son, fundamentalmente, aquelas que implican un risco evidente para a seguranza viaria, téndose descartado aquelas outras infraccións que, aínda sendo cualificadas como graves ou moi graves, son consideradas infraccións de carácter administrativo. E incorpórase un anexo III «Dos cursos de sensibilización e reeducación viaria».

Artigo único. *Modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.*

O texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Competencias do Ministerio do Interior.*

Atribúenselle ao Ministerio do Interior as seguintes competencias no ámbito desta lei, sen prexuízo das que teñan asumidas as comunidades autónomas nos seus propios estatutos:

a) Expedir e revisar os permisos e licenzas para conducir vehículos de motor e ciclomotores cos requisitos sobre coñecementos, aptitudes técnicas e condicións psicofísicas e periodicidade que se determinen regulamentariamente, así como a anulación, intervención, revogación e, se é o caso, suspensión daqueles.

b) Trocar, de acordo coas normas regulamentarias aplicables, os permisos para conducir expedidos no ámbito militar e policial polos correspondentes no ámbito civil, así como os permisos expedidos no estranxeiro cando así o prevexa a lexislación vixente.

c) Conceder as autorizacións de apertura e funcionamento de centros de formación de condutores e declarar a nulidade, así como os certificados de aptitude e autorizacións que permitan acceder á actuación profesional en materia de ensino da condución e acreditar a destinada ao recoñecemento de aptitudes psicofísicas dos condutores, cos requisitos e condicións que regulamentariamente se determinen.

d) A matriculación e expedición dos permisos ou licenzas de circulación dos vehículos de motor, remolques, semirremolques e ciclomotores, así como a anulación, intervención ou revogación destes permisos ou licenzas, cos requisitos e condicións que regulamentariamente se establezan.

e) Expedir as autorizacións ou permisos temporais e provisorios para a circulación de vehículos até a súa matriculación.

f) O establecemento de normas especiais que posibiliten a circulación de vehículos históricos e fomenten a conservación e restauración dos que integran o patrimonio histórico cultural.

g) A retirada dos vehículos da vía fóra de poboado e a baixa temporal ou definitiva da circulación deses vehículos.

h) Os rexistros de vehículos, de condutores e infractores, de profesionais do ensino da condución, de centros de formación de condutores, dos centros de recoñecemento para condutores de vehículos de motor e de manipulación de placas de matrícula, na forma que regulamentariamente se determine.

i) A vixilancia e disciplina do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías cando non exista policía local, así como a denuncia e sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguranza nesas vías.

j) A denuncia e sanción das infraccións por incumprimento da obriga de someterse á inspección técnica de vehículos, así como ás prescricións derivadas daquela, e por razón do exercicio de actividades industriais que afecten de maneira directa a seguranza viaria.

k) A regulación, xestión e control do tráfico en vías interurbanas e en travesías, establecendo para estas últimas fórmulas de cooperación ou delegación coas entidades locais, e sen prexuízo do establecido noutras disposicións e das facultades doutros departamentos ministeriais.

l) Establecer as directrices básicas e esenciais para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das atribucións das corporacións locais, con cuxos órganos se instrumentará, de común acordo, a colaboración necesaria.

m) A autorización de probas deportivas que se deban celebrar utilizando en todo ou parte do percorrido estradas estatais, logo de informe das administracións titulares das vías públicas afectadas, e emitir informe, con carácter vinculante, sobre as que vaian conceder outros órganos autonómicos ou municipais, cando deban circular por vías públicas ou de uso público en que a Administración xeral do Estado ten atribuída a vixilancia e regulación do tráfico.

n) Cerrar á circulación, con carácter excepcional, estradas ou tramos delas, por razóns de seguranza ou fluidez do tráfico, na forma que se determine regulamentariamente.

ñ) A coordinación da estatística e a investigación de accidentes de tráfico, así como as estatísticas de inspección de vehículos, en colaboración con outros organismos oficiais e privados, de acordo co que regulamentariamente se determine.

o) A realización das probas, regulamentariamente establecidas, para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos condutores que circulen polas vías públicas en que teñen atribuída a vixilancia e o control da seguranza da circulación viaria.

p) Xestionar os cursos de sensibilización e reeducación viaria que deben realizar os condutores como consecuencia da perda parcial ou total dos puntos que lles fosen asignados, elaborar o contido dos cursos, así como a súa duración e requisitos.

Esta xestión poderase realizar, mediante concesión, de acordo co establecido na lexislación de contratos das administracións públicas.

q) A garantía de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, especialmente na súa calidade de condutores, en todos os ámbitos regulados nesta lei.»

Dous. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Normas xerais de condutores.*

1. Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlaren os seus vehículos. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguranza, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, persoas cegas ou en xeral persoas con discapacidade e con problemas de mobilidade.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á condución que garantan a súa propia seguranza, a do resto de ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteñan o resto dos pasaxeiros, e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados

para que non haxa interferencias entre o condutor e calquera deles.

3. Queda prohibido conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, excepto durante a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención de permiso de condución nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Prohíbese a utilización durante a condución de dispositivos de telefonía móbil e calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos similares.

Quedan exentos desta prohibición os axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

4. Os condutores e ocupantes dos vehículos están obrigados a utilizar o cinto de seguranza, cascos e demais elementos de protección e dispositivos de seguranza nas condicións e coas excepcións que, se é o caso, se determinen regulamentariamente. Os condutores profesionais cando presten servizo público a terceiros non se considerarán responsables do incumprimento desta norma por parte dos ocupantes do vehículo.

En todo caso, queda prohibido circular con menores de 12 anos situados nos asentos dianteiros do vehículo, salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Así mesmo, queda prohibido circular con nenos menores de tres anos situados nos asentos traseiros do vehículo, salvo que utilicen para isto un sistema de suxeición homologado adaptado á súa estatura e ao seu peso coas excepcións que se establezan regulamentariamente.

5. Queda prohibido circular con menores de 12 anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas, con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente, permítese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan os pais ou nais, titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguranza establecidas regulamentariamente.

6. Prohíbese que nos vehículos se instalen mecanismos ou sistemas, se leven instrumentos ou se acondicionen de forma encamiñada a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico, e que se emitan ou fagan sinais con esa finalidade.»

Tres. Modifícase o artigo 60, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60. *Permisos e licenzas de condución.*

1. A condución de vehículos de motor e ciclomotores exixirá ter obtido previamente a preceptiva autorización administrativa, que se dirixirá a verificar que os condutores teñen os requisitos de capacidade, coñecementos e habilidade necesarios para a condución do vehículo, de acordo co que se determine regulamentariamente. Prohíbese conducir vehículos de motor e ciclomotores sen estar en posesión da mencionada autorización administrativa.

2. O ensino dos coñecementos e técnica necesarios para a condución, o posterior perfeccionamento e renovación de coñecementos, así como a constatación das aptitudes psicofísicas dos condutores, serán exercidos por centros oficiais ou privados, que necesitarán de autorización previa para desenvolver a súa actividade.

Para os fins de garantir a seguranza viaria, o Goberno determinará os elementos persoais e

materiais mínimos dos centros de ensino e de recoñecemento e as condicións para a súa autorización. En particular, regularase regulamentariamente o réxime docente e de funcionamento dos centros de ensino. A titulación e acreditación dos profesores e directores basearase en probas obxectivas que valoren os coñecementos, a aptitude pedagóxica e a experiencia práctica. As probas convocaranse periodicamente, e a cualificación poderá ser obxecto de recurso.

Igualmente, para os fins de garantir a seguranza viaria, regularase regulamentariamente o funcionamento dos centros de recoñecemento de condutores.

3. Poderase autorizar o ensino non profesional nas condicións que regulamentariamente se determinen.

4. O permiso e a licenza para conducir poderán ter vixencia limitada no tempo, e poderán ser revisados nos prazos e condicións que regulamentariamente se determine.

De igual maneira, a vixencia do permiso ou a licenza de condución estará condicionada a que o seu titular non perdesa a súa asignación total de puntos, que será de 12 puntos, coas excepcións seguintes:

a) Titulares dun permiso ou licenza de condución cunha antigüidade non superior a tres anos, salvo que xa fosen titulares doutro permiso de condución con aquela antigüidade: oito puntos.

b) Titulares dun permiso ou licenza de condución que, despois de perderen a súa asignación total de puntos, obtiveron novamente o permiso ou a licenza de condución: oito puntos.

O número de puntos inicialmente asignado ao titular dun permiso ou licenza de condución verase reducido por cada sanción firme en vía administrativa que se lle imponha pola comisión de infraccións graves ou moi graves que signifiquen a perda de puntos, de acordo co baremo establecido no anexo II.

Os condutores non perderán máis de oito puntos por acumulación de infraccións nun só día, salvo que concorran algunha das infraccións moi graves a que se refiren as alíneas a), b), c), d), e), f), g) e h) do artigo 65, número 5, caso en que perderán o número total de puntos que correspondan.

5. Transcorridos dous anos sen teren sido sancionados en firme en vía administrativa pola comisión de infraccións que signifiquen a perda de puntos, os titulares dos permisos ou licenzas de condución afectados pola perda parcial de puntos recuperarán a totalidade do crédito inicial de 12 puntos.

Non obstante, no caso de que a perda dalgún dos puntos se debese á comisión de infraccións moi graves, o prazo para recuperar a totalidade do crédito será de tres anos.

Así mesmo, os titulares dun permiso ou licenza de condución aos cales se fai referencia nas alíneas a) e b) do número anterior, transcorrido o prazo de dous anos sen teren sido sancionados en firme en vía administrativa pola comisión de infraccións que impliquen a perda de puntos, pasarán a dispor dun total de 12 puntos.

Igualmente, os que manteñan a totalidade dos puntos ao non teren sido sancionados en firme en vía administrativa pola comisión de infraccións, recibirán como bonificación dous puntos durante os tres primeiros anos e un punto polos tres seguintes, podendo chegar a acumular até un máximo de quince puntos en lugar dos doce iniciais.

6. A perda parcial, total ou recuperación dos puntos asignados afectará o permiso ou licenza de condución calquera que sexa a súa clase.»

Catro. Modifícase o artigo 63, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 63. *Declaración de nulidade ou lesividade e perda de vixencia.*

1. As autorizacións administrativas reguladas neste título poderán ser obxecto de declaración de nulidade ou lesividade cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 62 e 63, respectivamente, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O procedemento para a declaración de nulidade ou lesividade axustarase ao disposto no capítulo 1 do título VII do mencionado texto legal.

3. Con independencia do disposto nos números anteriores, a vixencia das autorizacións administrativas reguladas neste título estará subordinada a que se manteñan os requisitos exixidos para o seu outorgamento.

4. A Administración poderá declarar a perda de vixencia das autorizacións reguladas neste título cando se acredite a desaparición dos requisitos sobre coñecementos, habilidades ou aptitudes psicofísicas exixidas para o outorgamento da autorización.

Para acordar a perda de vixencia, a Administración deberá notificar ao interesado a presunta carencia do requisito exixido, a quen se lle concederá a facultade de acreditar a súa existencia na forma e prazos que regulamentariamente se determinen.

5. O titular dunha autorización cuxa perda de vixencia fose declarada, de acordo co disposto no número anterior, poderá obtela de novo seguindo o procedemento, superando as probas e acreditando os requisitos que regulamentariamente se establezan.

6. A Administración declarará a perda de vixencia da autorización para conducir cando o seu titular perdesa a totalidade dos puntos asignados, como consecuencia da aplicación do baremo recollido no anexo II. Unha vez constatada a perda total dos puntos que tivese asignados, a Administración, no prazo de quince días, notificará ao interesado, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o acordo polo que se declara a perda de vixencia do seu permiso ou licenza de condución.

Neste caso, o titular da autorización non poderá obter un novo permiso ou unha nova licenza de condución até transcorridos seis meses, contados desde a data en que o acordo foi notificado. Este prazo reducirase a tres meses no caso de condutores profesionais.

Se durante os tres anos seguintes á obtención da nova autorización for acordada a súa perda de vixencia por ter perdido novamente a totalidade dos puntos asignados, non se poderá obter un novo permiso ou licenza de condución até transcorridos doce meses, contados desde a data en que o acordo foi notificado. Este prazo reducirase a seis meses no caso de condutores profesionais.

7. O titular dunha autorización para conducir cuxa perda de vixencia fose declarada como consecuencia da perda total dos puntos asignados, poderá obter novamente un permiso ou licenza de condución da mesma clase de que era titular, transcorri-

dos os prazos sinalados no número anterior, logo de realización e superación con aproveitamento dun curso de sensibilización e reeducación viaria e posterior superación das probas que regulamentariamente se determinen.

O titular dunha autorización que perdesse unha parte do crédito inicial de puntos asignado, poderá optar á súa recuperación parcial, até un máximo de catro puntos, por unha soa vez cada dous anos, realizando e superando con aproveitamento un curso de sensibilización e reeducación viaria, coa excepción dos condutores profesionais, que poderán realizar o citado curso con frecuencia anual.

8. Os cursos de sensibilización e reeducación viaria terán a duración, o contido e os requisitos que determine o ministro do Interior.

En todo caso, a duración dos cursos de sensibilización e reeducación viaria será como máximo de 15 horas, cando se realicen para a recuperación parcial de puntos, e como máximo de 30 horas, cando se pretenda obter un novo permiso ou licenza de condución.»

Cinco. Modifícase o artigo 65, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 65. *Cadro xeral de infraccións.*

1. As accións ou omisións contrarias a esta lei ou aos regulamentos que a desenvolven terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida que nela se determinen, a non ser que poidan constituír delitos ou faltas tipificadas nas leis penais; en tal caso, a Administración pasará o tanto de culpa ao Ministerio Fiscal e proseguirá o procedemento absténdose de ditar resolución mentres a autoridade xudicial non pronuncie sentenza firme ou dite outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade e sen estar fundada na inexistencia do feito.

2. As infraccións a que fai referencia o número anterior clasifícanse en leves, graves e moi graves.

3. Son infraccións leves as cometidas contra as normas contidas nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves nos números seguintes.

4. Son infraccións graves as condutas tipificadas nesta lei referidas a:

a) Incumprir as disposicións desta lei en materia de limitacións de velocidade, salvo que supere o límite establecido no número 5.c), prioridade de paso, adiantamentos, cambios de dirección ou sentido e marcha atrás.

b) Paradas e estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculicen gravemente a circulación constituíndo un risco ou obstáculo para a circulación, especialmente de peóns, nos termos que se determinen regulamentariamente.

c) Circular sen a iluminación regulamentaria en situacións de falta ou diminución de visibilidade ou producindo cegamento a outros usuarios da vía e naqueles supostos en que o seu uso sexa obrigatorio.

d) Realización e sinalización de obras na vía sen permiso, e retirada ou deterioración da sinalización permanente ou ocasional.

e) Conducir utilizando dispositivos incompatibles coa obrigatoria atención permanente á condución nos termos que se determinen regulamentariamente.

f) Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, o uso durante a condución de dispositivos de telefonía móbil, así como calquera outro medio ou sistema de comunicación que implique o seu uso manual, nos

termos que se determine regulamentariamente, coas excepcións por motivos específicos relacionados coa seguranza, hixiene ou prevención laboral.

g) Conducir vehículos que teñan instalados mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico, ou que leven instrumentos coa mesma intención, así como a utilización de mecanismos de detección de radar.

h) Conducir un vehículo ou circularen os seus ocupantes sen facer uso do cinto de seguranza, do casco e demais elementos de protección ou dispositivos de seguranza de uso obrigatorio nas condicións e coas excepcións que se establezan regulamentariamente.

i) Circular con menores de 12 anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas coas excepcións que se determinen regulamentariamente.

j) Non respectar os sinais dos axentes que regulan a circulación.

k) Non respectar a luz vermella dun semáforo.

l) Non respectar un sinal de stop.

m) Que o adquirente dun vehículo non solicite a renovación do permiso ou licenza de circulación, cando varíe a súa titularidade rexistral, no prazo que se estableza regulamentariamente

n) Conducir un vehículo sendo titular dunha autorización de condución que carece de validez por non ter cumprido os requisitos administrativos exixidos regulamentariamente.

ñ) Condución negligente.

o) Guindar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios, accidentes de circulación ou prexudicar o medio natural.

p) Non facilitar a súa identidade nin os datos do vehículo solicitados polos afectados nun accidente de circulación, estando implicado nel.

q) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas regulamentariamente establecidas, salvo que se puidesen considerar incluídas no punto 5.l) seguinte, así como as infraccións relativas ás normas que regulan a inspección técnica de vehículos.

5. Son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as seguintes condutas:

a) A condución polas vías obxecto desta lei tendo inxerido bebidas alcohólicas con taxas superiores ás que regulamentariamente se establezan, e, en todo caso, a condución baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e calquera outra substancia de efectos análogos.

b) Incumprir a obriga de todos os condutores de vehículos de someterse ás probas que se establezan para detección de posibles intoxicacións de alcohol, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias análogas, e a dos demais usuarios da vía cando se achen implicados nalgún accidente de circulación.

c) Superar en máis dun 50 por cento a velocidade máxima autorizada, sempre que isto supoña superar, ao menos, en 30 km por hora o dito límite máximo.

d) A condución manifestamente temeraria.

e) A ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazos autorizadas, excluída a do condutor, con excepción dos autobuses de liñas urbanas e interurbanas.

f) A circulación en sentido contrario ao establecido.

g) As competicións e carreiras non autorizadas entre vehículos.

h) O exceso en máis do 50 por cento nos tempos de condución ou a minoración en máis do 50 por cento nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre.

i) O incumprimento polo titular ou o arrendatario do vehículo con que se cometese a infracción da obriga de identificar verazmente o condutor responsable da infracción, cando sexan debidamente requiridos para isto e non exista causa xustificada que o impida.

j) A condución dun vehículo sen ser titular da autorización administrativa correspondente.

k) Circular cun vehículo non matriculado ou carecendo das autorizacións administrativas correspondentes, ou que estas carezan de validez por non cumpriren os requisitos exixidos regulamentariamente.

l) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas que afecten gravemente a seguraza viaria, establecidas regulamentariamente.

m) Incumprir as normas, regulamentariamente establecidas, sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación, sobre coñecementos e técnicas necesarios para a condución.

n) Incumprir as normas regulamentariamente establecidas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de recoñecemento de condutores.

ñ) Incumprir as normas regulamentariamente establecidas que regulan as actividades industriais que afectan de maneira directa a seguraza viaria.

o) Circular por autoestradas ou autovías con vehículos expresamente prohibidos para isto.

p) Circular en posición paralela con vehículos prohibidos expresamente para isto por esta lei.

6. As infraccións derivadas do incumprimento da obriga de asegurar os vehículos de motor e de presentación da documentación acreditativa da existencia do seguro obrigatorio regularanse e sancionaranse consonte a súa lexislación específica.»

Seis. Modifícase o artigo 67, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 67. *Sancións.*

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de até 90 euros; as graves, con multa de 91 a 300 euros; e as moi graves, de 301 a 600 euros. No caso de infraccións graves poderase impor, ademais, a sanción de suspensión do permiso ou licenza de condución polo tempo mínimo dun mes e máximo de até tres meses, e no suposto de infraccións moi graves imporase, en todo caso, a sanción de suspensión polo tempo mínimo dun mes e máximo de tres meses, todo isto sen prexuízo das excepcións que se establecen neste artigo.

O cumprimento da sanción de suspensión da autorización para conducir poderase realizar fraccionadamente, por petición do interesado, en períodos que en ningún caso serán inferiores a 15 días naturais. Poderase establecer un fraccionamento inferior ao antes indicado no caso dos condutores profesionais, sempre que estes o soliciten e o cumprimento íntegro da sanción se realice no prazo de doce meses desde a data da resolución da suspensión.

As sancións de multa poderanse facer efectivas cunha redución do 30 por cento sobre a contía correspondente que se consignase correctamente no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior da dita denuncia realizada polo instrutor do expediente, sempre que o pagamento se efectúe durante os 30 días naturais

seguintes a aquel en que teña lugar a citada notificación. O aboamento anticipado coa redución anteriormente sinalada, salvo que proceda impor ademais a medida de suspensión do permiso ou da licenza de conducir, implicará unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa, sen prexuízo da posibilidade de interpor os recursos correspondentes.

Cando o infractor non acredite a súa residencia legal en territorio español, o axente denunciante fixará provisoriamente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe, inmovilizará o vehículo. En todo caso, terase en conta o previsto no parágrafo anterior respecto á redución do 30 por cento e o depósito ou o pagamento da multa poderase efectuar en moeda de curso legal en España ou de calquera outro país con quen España manteña tipo oficial de cambio.

2. As infraccións moi graves previstas nas alíneas i), j), k), l), m), n) e ñ) do artigo 65.5 poderán ser sancionadas con multa de 301 até 1.500 euros.

No suposto da infracción prevista na alínea j), a condución dun vehículo sen ser titular da autorización administrativa correspondente, a sanción que se imponha significará a imposibilidade de obter o permiso ou a licenza durante dous anos.

No suposto da infracción moi grave prevista na alínea m) do artigo 65.5, a sanción de suspensión da correspondente autorización dos centros de ensino e formación, sobre coñecementos e técnicas necesarios para a condución, poderá ser de até un ano, e durante o tempo que dure a suspensión o seu titular non poderá obter outra autorización para as mesmas actividades. Todo isto sen prexuízo de que poida ser declarada a perda de vixencia da autorización nos termos establecidos regulamentariamente, sen que poida obter outra nova autorización durante o ano seguinte ao da notificación do acordo polo que se declarou a perda de vixencia.

Os mesmos efectos se producirán respecto á infracción moi grave prevista no artigo 65.5.n), polo incumprimento das normas reguladoras da actividade dos centros de recoñecemento de condutores canto á eficacia da súa inscrición nas xefaturas de Tráfico.

3. O que nun período de dous anos fose sancionado en firme en vía administrativa como autor de dúas infraccións moi graves que impliquen a suspensión do permiso ou licenza de condución deberá cumprir o período de suspensión que lle correspondese pola última infracción sen posibilidade de fraccionamento.

4. A realización de actividades correspondentes ás distintas autorizacións durante o tempo de suspensión destas implicará unha nova suspensión por un ano ao cometerse o primeiro quebrantamento, e de dous anos se se producir un segundo ou sucesivos quebrantamentos.

5. O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar a contía das multas previstas nesta lei atendendo á variación que experimente o índice de prezos de consumo.»

Sete. Modifícase o artigo 69, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 69. *Graduación das sancións.*

1. As sancións previstas nesta lei graduaranse en atención á debida adecuación entre a gravidade e transcendencia do feito, aos antecedentes do infractor e á súa condición de reincidente, ao perigo potencial creado para el mesmo e para os demais

usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade, de acordo cos límites establecidos no artigo 67.

2. Non terán o carácter de sancións as medidas cautelares ou preventivas que se poidan acordar consonte esta lei e conforme se establece na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Oito. Modifícase o artigo 72, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 72. *Persoas responsables.*

1. A responsabilidade polas infraccións do disposto nesta lei recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción, excepto no suposto dos pasaxeiros dos vehículos que estean obrigados a utilizar o casco de protección nos casos e nas condicións que regulamentariamente se determinan, en que a responsabilidade pola infracción recaerá no condutor.

Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de 18 anos, responderán solidariamente con el os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obriga imposta a estes que implica un deber de previr a infracción administrativa que se impute aos menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estritamente á pecuniaria derivada da multa imposta, que poderá ser moderada pola autoridade sancionadora. Cando se trate de infraccións leves, precedendo o consentimento das persoas referidas no segundo parágrafo deste número, poderá substituírse a sanción económica de multa por medidas sociais relacionadas coa seguranza viaria.

2. O titular que figure no Rexistro de vehículos será, en todo caso, responsable polas infraccións relativas á documentación do vehículo, as relativas ao estado de conservación, cando as deficiencias afecten as condicións de seguranza do vehículo, e polas derivadas do incumprimento das normas relativas a recoñecementos periódicos.

3. O titular ou o arrendatario do vehículo con que se cometese unha infracción, debidamente requirido para isto, ten o deber de identificar verazmente o condutor responsable da infracción. Se incumprir esta obriga no trámite procedementa oportuno, sen causa xustificada, será sancionado pecuniariamente como autor da infracción moi grave prevista no artigo 65.5.i).

Nos mesmos termos responderán as persoas especificadas no parágrafo anterior cando non sexa posible notificar a denuncia ao condutor que aqueles identifiquen, por causa imputable a eles.

As empresas de aluguer sen condutor a curto prazo acreditarán o cumprimento da obriga legal de identificar o condutor responsable da infracción mediante a remisión ao órgano instrutor correspondente dun duplicado ou copia do contrato de arrendamento onde quede acreditado o concepto de condutor da persoa que figure no contrato.

4. A responsabilidade polo exercicio profesional a que se refiren as autorizacións do artigo 5.c), en materia de ensino da condución e de aptitudes psicofísicas dos condutores, determinarase regulamentariamente.

5. O fabricante do vehículo e o dos seus compoñentes serán, en todo caso, responsables polas infraccións relativas ás condicións da súa construción que afecten a súa seguranza, así como de que a fabricación se axuste a tipos homologados.»

Nove. Modifícase o artigo 77, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 77. *Notificación de denuncias.*

1. Como norma xeral, as denuncias de carácter obrigatorio, formuladas por axentes da autoridade, notificaranse no acto ao denunciado, facendo constar nestas os datos a que fai referencia o artigo 75 e o dereito recoñecido no artigo 79.1.

Será causa legal que xustifique a notificación da denuncia en momento posterior o feito de formularse en momentos de grande intensidade de circulación ou cando concorran factores meteorolóxicos adversos, obras ou outras circunstancias en que a detención do vehículo tamén poida orixinar un risco concreto.

Así mesmo, a notificación da denuncia poderase efectuar nun momento posterior cando a autoridade tivese coñecemento dos feitos a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

Procederá tamén a notificación da denuncia en momento posterior á súa formulación nos casos de vehículos estacionados cando o condutor non estea presente.

2. O aboamento do importe da multa indicado na notificación da denuncia, tanto se é o sinalado polo axente no acto da denuncia como na notificación enviada posteriormente polo instrutor, na forma que se determina no parágrafo terceiro do artigo 67.1, implicará unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de se ditar resolución expresa, salvo que proceda acordar a suspensión do permiso ou a licenza de condución e sen prexuízo da posibilidade de interpor os correspondentes recursos.»

Dez. Modifícase o artigo 81, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 81. *Prescripción.*

1. O prazo de prescripción das infraccións previstas nesta lei será de tres meses para as infraccións leves, seis meses para as infraccións graves e un ano para as infraccións moi graves.

O prazo de prescripción cóntase a partir do día en que os feitos se cometeron. A prescripción interrómpese por calquera actuación administrativa de que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a coñecer a súa identidade ou domicilio e se practique con proxección externa á dependencia en que se orixine. Tamén se interrompe a prescripción pola notificación efectuada de acordo co establecido no artigo 78. A prescripción reiniciase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

2. De non se ditar resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, por solicitude de calquera interesado ou de oficio por parte do órgano competente para ditar a resolución. Cando a paralización do procedemento se producise a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdición penal e cando intervise outra autoridade competente para impor a sanción de multa e que deba trasladar á Administración xeral do Estado o expediente para substanciar a suspensión da autorización administrativa para conducir, o prazo de caducidade suspenderase e proseguirase, polo tempo que reste até un ano, unha vez que adquirise firmeza a resolución xudicial ou administrativa correspondente.

3. O prazo de prescrición das sancións será dun ano, computado desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución por que se imponha a correspondente sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.»

Once. Modifícase o artigo 82, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 82. *Anotación e cancelación.*

As sancións graves e moi graves, unha vez sexan firmes en vía administrativa, serán anotadas pola xefatura de Tráfico instrutora do procedemento no Rexistro de condutores e infractores, o día da súa firmeza. Cando estas sancións fosen impostas polos alcaldes ou pola autoridade competente das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, comunicaranse, para a súa anotación no rexistro referido, no prazo de 15 días seguintes ao da súa firmeza.

As autoridades xudiciais comunicarán á Dirección Xeral de Tráfico, no prazo dos 15 días seguintes ao da súa firmeza, as sentenzas que condenen á privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, para efectos da súa anotación no referido rexistro.

As anotacións cancelaranse de oficio, para efectos de antecedentes, unha vez transcorridos tres anos desde o seu total cumprimento ou prescrición.»

Doce. Incorpórase unha disposición adicional primeira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Perda de puntos nos permisos e licenzas de condución.*

Cando un condutor sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalguna das infraccións graves ou moi graves que se relacionan no anexo II, os puntos que corresponda descontar do crédito que posúa no seu permiso ou licenza de condución quedarán descontados de forma automática e simultánea no momento en que se proceda á anotación da citada sanción no Rexistro de condutores e infractores, quedando constancia nese rexistro do crédito total de puntos de que dispoña o titular da autorización.»

Trece. Incorpórase unha disposición adicional segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Garantía da antigüidade de permisos e licenzas de condución.*

A antigüidade permanece nos posteriores permisos ou licenzas de condución obtidos a consecuencia da total extinción dos puntos inicialmente asignados a cada condutor.»

Catorce. Incorpórase unha disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Condutores profesionais.*

Enténdese por condutor profesional, para efectos do disposto nesta lei, toda persoa provista da correspondente autorización administrativa para conducir cuxa actividade laboral principal sexa a condución de vehículos de motor dedicados ao transporte de mercadorías ou de persoas, aspecto que se acreditará mediante certificación expedida pola empresa para que exerza aquela actividade,

acompañada da correspondente documentación acreditativa da cotización á Seguranza Social como traballador desa empresa.

Se se trata dun empresario autónomo, a certificación a que se fai referencia no parágrafo anterior será substituída por unha declaración do propio empresario.»

Quince. Incorpórase unha disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Permisos e licenzas de condución nas comunidades autónomas con lingua cooficial.*

Naquelas comunidades autónomas que teñan unha lingua cooficial, os permisos e licenzas de condución redactaranse, ademais de en castelán, nesa lingua.»

Dezaseis. Engádese unha disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Comunidades autónomas con competencias executivas transferidas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.*

As comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor serán as encargadas, no seu ámbito territorial, de determinar o modo de impartir os cursos de sensibilización e reeducación viaria, de acordo coa duración, o contido e os requisitos daqueles que se determinen con carácter xeral.»

Dezasete. Incorpórase unha disposición adicional sexta coa seguinte texto:

«Disposición adicional sexta. *Acceso ao Rexistro de condutores e infractores para coñecer o saldo de puntos.*

A Administración adoptará as medidas oportunas para facilitar aos titulares de permisos e licenzas de condución o acceso ao seu saldo de puntos. En todo caso, cando a Administración notifique a resolución por que se sancione unha infracción que implique a perda de puntos, indicará expresamente aos sancionados cal é o número de puntos que se lles tiran e a forma expresa de coñecer o seu saldo de puntos.»

Dezaioito. Incorpórase unha disposición adicional sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Condicións básicas e de accesibilidade para as persoas con discapacidade.*

O Goberno velará polo cumprimento do disposto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, respecto a todos aqueles centros que, en materia de seguranza viaria, necesiten de autorización previa para desenvolveren a súa actividade, ou cuxa xestión sexa competencia da Administración do Estado.»

Dezanove. Incorpórase unha disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Cursos para condutores profesionais.*

A realización de cursos de obrigado cumprimento polos condutores profesionais levará consigo a recuperación de até un máximo de catro puntos, nas condicións que se determinen por orde do ministro do Interior. Esta recuperación será compa-

tible coa recuperación dos puntos obtidos mediante a realización dun curso de sensibilización e reeducación viaria.»

Vinte. Incorpórase unha disposición adicional novena coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Responsabilidade en accidentes de tráfico por atropelos de especies cinexéticas.*

En accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinexéticas será responsable o condutor do vehículo cando se lle poida imputar incumprimento das normas de circulación.

Os danos persoais e patrimoniais nestes sinistros soamente serán exixibles aos titulares de aproveitamentos cinexéticos ou, no seu defecto, aos propietarios dos terreos, cando o accidente sexa consecuencia directa da acción de cazar ou dunha falta de dilixencia na conservación do terreo coutado.

Tamén poderá ser responsable o titular da vía pública en que se produce o accidente como consecuencia da súa responsabilidade no estado de conservación e sinalización dela.»

Vinte e un. Incorpórase unha disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Seguimento da aplicación da lei.*

O Goberno, unha vez ao ano durante os tres anos seguintes á entrada en vigor desta lei, informará o Congreso dos Deputados sobre o seguimento da súa aplicación e os resultados obtidos.»

Vinte e dous. Incorpórase unha disposición adicional décimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Dotación de medios humanos necesarios para a aplicación da lei.*

O Goberno adoptará, no marco do desenvolvemento regulamentario desta lei e dentro dos prazos en que se aproben os correspondentes regulamentos, as medidas precisas no ámbito das normas reguladoras da función pública, para garantir a efectiva dotación e clasificación de postos de traballo e a formación dos medios humanos necesarios para a consecución dos fins propios desta lei. En particular, estas medidas deberán facer posible que se alcance o nivel requirido de formación académica e un maior grao de profesionalización e especialización dos empregados públicos que se dediquen á investigación de accidentes de tráfico, ás tarefas de inspección dos centros e actividades de formación e de recoñecemento de aptitudes dos condutores, ao ensino e educación viaria, á realización de probas de aptitude para a obtención de autorizacións administrativas para conducir, así como a todas aquelas funcións que se consideren necesarias para lograr unha mellor seguranza viaria.»

Vinte e tres. Incorpórase unha disposición adicional décimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Formato do permiso ou licenza de conducir.*

Reglamentariamente establecerase o formato do permiso ou licenza de conducir integrado no DNI do condutor no momento que tecnicamente sexa posible, así como o documento complementario que permita visualizar de maneira tanxible o saldo de puntos.»

Vinte e catro. Incorpórase unha disposición adicional décimo terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. *Efectos administrativos das condenas penais que impliquen a privación do dereito a conducir.*

O titular do permiso ou licenza de condución que fose condenado por sentenza firme pola comisión dun delito castigado coa privación do dereito a conducir un vehículo de motor ou ciclomotor, para volver a conducir, deberá acreditar ter superado con aproveitamento o curso de reeducación e sensibilización viaria a que fai referencia o primeiro parágrafo do artigo 63.7.»

Vinte e cinco. Modifícase a disposición derradeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

1. Facúltase o Goberno para ditar as disposicións necesarias para desenvolver esta lei, así como para modificar os conceptos básicos contidos no seu anexo I de acordo coa variación das súas definicións que se produza no ámbito de acordos e convenios internacionais con transcendencia en España.

2. Igualmente, facúltase o Goberno, por proposta dos ministros de Defensa e Interior e, se é o caso, dos demais ministros competentes, para regular as peculiaridades do réxime de autorizacións e circulación dos vehículos pertencentes ás Forzas Armadas.

3. As modificacións que se puideren producir do anexo II deberán ser aprobadas mediante real decreto.»

Vinte e seis. O actual anexo pasa a numerarse como anexo I e incorpórase un anexo II, coa seguinte redacción:

«ANEXO II

Infraccións que implican a perda de puntos

O titular dun permiso ou licenza de condución que sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións que a seguir se relacionan perderá o número de puntos que, para cada unha delas, se sinalan a seguir:

	Puntos
1. Conducir cunha taxa de alcohol superior á regulamentariamente establecida: Valores mg/l aire espirado, máis de 0,50 (profesionais e titulares de permisos de condución con menos de dous anos de antigüidade máis de 0,30 mg/l)	6
Valores mg/l aire espirado, superior a 0,25 até 0,50 (profesionais e titulares de permisos de condución con menos de dous anos de antigüidade máis de 0,15 até 0,30 mg/l)	4
2. Conducir baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias de efectos análogos	6
3. Incumprir a obriga de someterse ás probas de detección do grao de alcoholemia, de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias de efectos análogos	6

	Puntos
4. Conducir de forma manifestamente temeraria, circular en sentido contrario ao establecido ou conducir vehículos en competicións e carreiras non autorizadas	6
5. Circular por autoestradas ou autovías con vehículos con que estea expresamente prohibido	4
6. Superar en máis dun 50 por cento a velocidade máxima autorizada, sempre que isto supoña superar, cando menos, en 30 quilómetros por hora o límite máximo	6
7. O exceso en máis do 50 por cento nos tempos de condución ou a minoración en máis do 50 por cento nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre	6
8. Conducir un vehículo cunha ocupación que supoña aumentar nun 50 por cento ou máis o número de prazas autorizadas, excluído o condutor salvo que se trate de autobuses urbanos ou interurbanos	4
9. Conducir un vehículo cun permiso ou licenza que non habilite para isto	4
10. Guindar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou accidentes de circulación	4
11. Conducir de forma negligente creando un risco certo e relevante para os outros usuarios da vía	4
12. Exceder os límites de velocidade establecidos:	
En máis de 40 km/h salvo que estea incurso no indicado no número 6	4
En máis de 30 km/h até 40 km/h	3
En máis de 20 km/h até 30 km/h	2
13. Incumprir as disposicións legais sobre prioridade de paso, e a obriga de deterse no sinal de stop, e nos semáforos coa luz vermella acesa	4
14. Incumprir as disposicións legais sobre adiantamento pondo en perigo ou entorpecendo os que circulen en sentido contrario e adiantar en lugares ou en circunstancias de visibilidade reducida	4
15. Adiantar pondo en perigo ou entorpecendo os ciclistas	4
16. Efectuar o cambio de sentido incumprindo as disposicións recollidas nesta lei e nos termos establecidos regulamentariamente	3
17. Realizar a manobra de marcha atrás en autoestradas e autovías	4
18. Aumentar a velocidade ou efectuar manobras que impidan ou dificulten o adiantamento polo condutor do vehículo que vai ser adiantado	4
19. Non respectar os sinais dos axentes que regulan a circulación	4
20. Non manter a distancia de seguraza co vehículo precedente	3
21. Conducir utilizando manualmente o teléfono móbil, auriculares ou calquera outro dispositivo incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución nos termos que se determinen regulamentariamente	3
22. Parar ou estacionar nas curvas, cambios de rasante, túneles, pasaxes inferiores, interseccións ou calquera outro lugar perigoso que constitúa un risco para a circulación ou os peóns nos termos que se determinen regulamentariamente	2

	Puntos
23. Parar ou estacionar nos carrís destinados para o transporte público urbano	2
24. Conducir vehículos que teñan instalados mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico, ou que leven instrumentos coa mesma intención, así como a utilización de mecanismos de detección de radares	2
25. Circular sen luces cando sexa obrigatorio ou utilízalas sen axustarse ao establecido regulamentariamente	2
26. Conducir sen utilizar o cinto de seguraza, o casco e demais elementos de protección ou dispositivos de seguraza, nos casos e condicións que se determinen regulamentariamente	3
27. Circular con menores de 12 anos como pasaxeiros de motocicletas ou ciclomotores coas excepcións que se determinen regulamentariamente	2

Vinte e sete. Incorporárase un anexo III, coa seguinte redacción:

ANEXO III

Dos cursos de sensibilización e reeducación viaria

A duración, o contido e os requisitos dos cursos de sensibilización e reeducación viaria serán os que se establezan por orde do ministro do Interior.

1. *Obxecto.*—Os cursos de sensibilización e reeducación viaria terán por obxecto concienciar os condutores sobre a súa responsabilidade como infractores e as consecuencias derivadas do seu comportamento, en especial respecto aos accidentes de tráfico, así como reeducalos no respecto aos valores esenciais no ámbito da seguraza viaria como son o aprecio á vida propia e allea, e no cumprimento das normas que regulan a circulación.

A realización destes cursos terá como obxectivo final modificar a actitude na circulación viaria dos condutores sancionados pola comisión de infraccións graves e moi graves que impliquen a perda de puntos.

2. *Clases de cursos.*—Poderanse realizar dúas clases de cursos:

a) Os cursos de sensibilización e reeducación viaria para aqueles condutores que perderon unha parte do crédito inicial de puntos asignados. A superación con aproveitamento destes cursos permitirlles recuperar até un máximo de catro puntos, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nesta lei. A súa duración máxima será de 15 horas.

b) Os cursos de sensibilización e reeducación viaria para aqueles condutores que pretendan obter de novo o permiso ou a licenza de condución despois de teren perdido a totalidade dos puntos asignados. A superación con aproveitamento destes cursos será un requisito previo para que o titular da autorización poida obtela de novo, sempre que cumpra os requisitos establecidos nesta lei. A súa duración máxima será de 30 horas.

3. *Contido dos cursos.*—O contido dos cursos de sensibilización e reeducación viaria versará, principalmente, sobre aquelas materias relacionadas cos accidentes de tráfico, as súas causas, consecuencias e os comportamentos adecuados para evitalos.

4. Centros de reeducación viaria.—A adxudicación destes cursos realizarase mediante concesión administrativa, de acordo co establecido na lexislación de contratos das administracións públicas.»

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da lei.*

O disposto nesta lei soamente será de aplicación ás infraccións cometidas a partir da súa entrada en vigor, excepto no que ao sistema de puntos dos permisos e licenzas de condución se refire, que se rexerá polo disposto na disposición derradeira segunda.

Disposición transitoria segunda. *Titulares de permisos ou licenzas de condución con antigüidade non superior a tres anos.*

Os que, no momento da entrada en vigor desta lei, sexan titulares dun permiso ou licenza de condución cunha antigüidade non superior a tres anos disporán dun total de oito puntos, que pasarán a se converter en 12 puntos, unha vez que o seu permiso ou licenza de condución teña atinxido esa antigüidade, salvo que nese prazo de tempo fosen sancionados en firme en vía administrativa pola comisión dunha infracción que implique a perda de puntos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se o poñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Adaptación da normativa vixente.*

O Goberno procederá a modificar o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio; o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro; o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, así como o Regulamento regulador das escolas particulares de condutores, aprobado polo Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro, para adecualos ás modificacións introducidas por esta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, os preceptos en que se regulan o sistema do permiso e a licenza de condución por puntos, así como o anexo II, entrarán en vigor cando o faga a súa normativa de desenvolvemento e, en todo caso, ao ano da publicación da presente lei no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

12699 REAL DECRETO LEI 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais. («BOE» 175, do 23-7-2005; «BOE» 178, do 27-7-2005, e «BOE» 179, do 28-7-2005.)

Como consecuencia de que España leva padecendo, desde hai algúns meses, unha das secas máis graves das últimas décadas, e das altas temperaturas que se están a rexistrar no presente período estival, o risco de que se produzan incendios e de que estes teñan efectos devastadores é extraordinariamente alto. Calquera descoido, calquera negligencia, pode desencadear, nestas adversas condicións, situacións verdadeiramente catastróficas.

Por desgraza, algunha destas situacións produciuse xa. O incendio orixinado na provincia de Guadalajara na tarde do sábado 16 de xullo causou a perda de 11 vidas humanas, ademais de arrasar máis de 12.000 hectáreas de masa forestal e pasto.

A trágica magnitude destes feitos e das súas consecuencias obriga os poderes públicos a adoptaren medidas extraordinarias, no marco do principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes. Prevese, así, nesta norma, un réxime de axudas específicas en favor das vítimas e das súas familias, así como a adopción dun conxunto de medidas paliativas e compensatorias dirixidas á reparación dos danos producidos e á recuperación das zonas afectadas.

Xunto a ese obxectivo, este real decreto lei ten outro que o transcende. Posto que as circunstancias que determinan a conxuntura de alto risco en que se encontra o noso país non fan senón agravarse día a día, e poderían prolongar os seus efectos durante todo o verán e parte do outono, o Goberno considera conveniente, atendendo a estas razóns de emerxencia e en prol da salvagarda da seguraza dos cidadáns e do ambiente, establecer un conxunto de medidas mínimas que veñen recoller en parte algunhas experiencias autonómicas e locais desenvolvidas e contrastadas nos últimos anos. Por isto, este real decreto lei prevé expresamente a compatibilidade con ela das medidas que as comunidades autónomas tivesen adoptado ou decidisen adoptar no futuro co fin de asegurar un maior grao de protección fronte aos incendios e as súas consecuencias.

Conságranse neste real decreto lei dous tipos de previsións normativas. En primeiro lugar, un catálogo de prohibicións moi severas, que se proxecta sobre todas as actividades que puideren entrañar algún risco para a produción de incendios, e que, dado o seu carácter excepcional, estarán en vigor en todo o territorio nacional até o 1 de novembro de 2005. Estas prohibicións complementáanse coa previsión dunha serie de pautas e actuacións concretas de prevención que serán executadas polas diferentes administracións públicas concernidas.

En segundo lugar, instáurase un modelo orgánico-funcional de coordinación entre os departamentos ministeriais da Administración do Estado, dun lado, e entre esta e as comunidades autónomas, doutro, que se articula, respectivamente, sobre dous órganos de funcionamento permanente cuxa creación se prevé neste real decreto lei. A finalidade deste novo modelo de coordinación non é outra que a de favorecer as respostas máis áxiles e expeditivas posibles aos sinistros provocados polo lume, baseadas nunha eficaz conxunción da información e dos medios que se encontren en cada momento ao alcance de todas as administracións públicas. Para estes efectos, a norma reforza o carácter único do mando operativo, estatal ou autonómico, segundo proceda, con independencia de cal sexa a titularidade dos medios incorporados aos labores de extinción dos incendios.